

# INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2015-2016

PROVISIONAL

FINAL DATA: 11 de setembro de 2017

DATOS DO TÍTULO	
Denominación do Título	<b>Grao en Ciencias Ambientais</b>
Centro/s onde se imparte o título	<b>Facultade de Ciencias</b>
Resultado do proceso de seguimento	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (C) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

## **Xustificación Xeral do Resultado:**


### Cumprimento do proxecto establecido:

O desenvolvemento dos estudos na titulación ten experimentado certa mellora, que se reflicta nunha mellora sensible en algún dos indicadores (p.e. a taxa de graduación). Hai aspectos nos que os responsables do título teñen tratado con menor intensidade e que xa foron identificados polo avaliador externo (ACSUG). Pouco se fixo en aspectos como a singularización do título ou na mellora das redaccións das guías docentes. No informe de revisión pola Dirección, os responsables da titulación non parecen considerar necesaria a análise específica dos resultados da titulación.

### Plan de melloras do título:

O plan de melloras, que non é público, non incorpora os puntos febles detectados no proceso de renovación da acreditación do título (nin os de obrigado cumprimento). Estes últimos, malia tratarse dun novo equipo directivo, terían que ser unha prioridade na titulación.

Vigo, a 11 de setembro de 2017



Xosé María Gómez Clemente  
Director da Área de Calidade

## 1. Valoración do cumprimento

### Resultado:

<input type="checkbox"/> <b>Conforme excelente</b>	<input checked="" type="checkbox"/> <b>Conforme</b>	<input type="checkbox"/> <b>Non Conforme</b>
<input type="checkbox"/> <b>A</b>	<input type="checkbox"/> <b>B</b>	<input type="checkbox"/> <b>D</b>
	<input checked="" type="checkbox"/> <b>C</b>	

### Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	C
Información e Transparencia	C
Sistema de Garantía de Calidade	C
Recursos Humanos	D
Recursos Materiais e Servizos	C
Resultados de Aprendizaxe	B
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	C

### Plano de Melloras

Desenvolvemento	C
Seguimento	C
Coherencia	D

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:** Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
1.- Guías docentes das materias. <i>Fonte: <a href="#">Docnet</a> e Memoria da titulación</i>	<p>Comprobar que as guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente teñen os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente correctamente cumprimentados nas dúas linguas e valorar se información é coherente coa memoria da titulación. (indicar neste campo las materias elixidas)</p> <p>Se houberse algún apartado sen información ou información incoherente, pódese comprobar ata 6 materias e verificar se é un erro sistemático ou puntual</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Incumprimento xeneralizado de polo menos un campo.</p> <p>Descrición da avaliación: En xeral as guías foron cumprimentadas nun só idioma ben castelán (p.e. Física ambiental, Oceanografía) ou galego (p.ex., Ecoloxía, Química da atmosfera, Auditoría e xestión ambiental). Nalgúns casos fíxose o esforzo de redacción en dúas linguas pero non se inclúen as dúas oficiais (p.ex., Cambio climático en castelán e inglés). O apartado Resultado do Aprendizaxe debería ser revisado. Nalgúns casos defínese un solo obxectivo ó que se asocian todas as competencias e en outros (p.e. TFG) algúns deles non teñen competencias asociadas.</p>

	Os contidos dalgunhas materias deberían revisarse tamén p.e.: na materia TFG no que parecen mais adecuados para outra titulación do centro (Tecnoloxía de Alimentos).
2.- Informe de Coordinación Fonte: <a href="#">SGIC</a>	<p>Analizar no rexistro do SGIC “<b>R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación</b>” (Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0201 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza) os mecanismos de coordinación docente.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora</u>: Hai mecanismos incompletos de coordinación.</p> <p>Descrición da avaliación: Existe o rexistro Informe de Coordinación (R1 DO 0201 P1) no que figuran actas ou resumos de reunións de coordinación dos diferentes cursos e titulacións. A meirande parte dos casos trátase de reunións de curso para axustar o cronograma das clases prácticas. Estas actividades, aínda que importantes, non poden considerarse suficientes. Non consta a existencia de coordinación vertical nin a reflexión respecto ó grado de desenvolvemento do proxecto formativo completo da titulación.</p>

### 1.1.1 Valoración do Criterio:

## 1 Organización e Desenvolvemento C

### 1.1.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Non Conformidade	Guías en Docnet	As guías das materias non foron confeccionadas nas dúas linguas oficiais. Redacción confusa dos Resultados de Aprendizaxe e Contidos en algunhas guías	
Recomendacións para a mellora	Informe de Coordinación	Non se elaborou ningún tipo de informe de coordinación por parte dos responsables do título	

### 1.1.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:** Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

Evidencias	Descrición
3.-Páxina web da Universidade, centro ou título	<p>Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.)</li> <li>• Horarios, aulas e calendarios de exames.</li> <li>• Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade</li> <li>• Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.)</li> <li>• Informe de revisión pola dirección</li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b></p> <p><u>Non conformidade:</u> Falta total de información útil ou actualizada de polo menos unha cuestión.</p>
	<p>Descrición da avaliación:</p> <p>A páxina web é mellorable os seguintes aspectos deben terse en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os enlaces á normativa do TFG son confusos. Existen dous enlaces os regulamentos do TFG na facultade (un deles sen data de aprobación na xunta de centro) e non está claro cal delas é vixente.</li> <li>• Non se atopa información relevante da materia TFG do curso actual: non parece ter enlaces a convocatorias, temáticas nin comisións de avaliación.</li> <li>• Non hai entrada a marcha actual da programación académica actual da titulación. Para cada titulación debería terse deseñado enlaces a información de horarios, eventos, aulas e actividades (p.e.) por titulación: aínda que existe un enlace ó inicio a algún tipo de organización (horarios e calendarios) este desaparece en cuanto se inicia a navegación.</li> <li>• Existe un enlace ó manual, procedementos, política e obxectivos de calidade.</li> <li>• Existe un documento (PDF) onde se recolle un listado de todos os profesores do centro, departamento ó que pertence a número de quinquenios e sexenio que posúen pero non se especifica a materia que imparten nin un resumo do seu CV.</li> <li>• No apartado de Calidade inclúense enlaces ós informes de revisión pola dirección dos cursos 2014/15 e 2015/16 pero non ás accións de mellora.</li> </ul>

**1.2.1 Valoración do Criterio:**

**2 Información e Transparencia C**

## 1.2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Non Conformidade	Ausencia de información accesible	Non se atopa enlaces a convocatorias, temáticas nin comisións de avaliación do TFG	
Recomendacións para a mellora	Información respecto o PDI	Falta especificar as materias impartidas por cada profesor Falta o CV (aínda que sexa resumido) de cada profesor	
Recomendacións para a mellora	Informes de revisión pola dirección	Revisar os enlaces e documentos (non) accesibles na páxina Web a este respecto.	
Recomendacións para a mellora	Programación académica	Introducir información de horarios, eventos, aulas e actividades por titulación	

## 1.2.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:** Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
<p>4.- Actas do último curso da Comisión de Calidade: <i>Fonte: Evidencia 5 do Auto informe de Avalia</i></p>	<p>Comprobar nas actas que hai asuntos tratados na Comisión de calidade que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...)</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Evidenciase que os asuntos tratados na comisión non tratan de forma integral o desenvolvemento do sistema de calidade.</p> <p>Descrición da avaliación: O centro dispón dun arquivo de actas da Comisión de calidade, que son públicas. Aínda así, os asuntos tratados non parecen abordar con intensidade a implantación completa do SGIC. Non consta que a comisión tratara os resultados do informe de renovación da acreditación de ningunha das titulación e tampouco a acta do 21/12/2016 de aprobación do Informe de Revisión pola Dirección do curso 2015/16.</p>
<p>5.- Documentación do SGIC <i>Fonte: <a href="#">SGIC</a></i></p>	<p>Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.)</li> <li>• Horarios, aulas e calendarios de exames.</li> <li>• Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade</li> <li>• Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.)</li> <li>• Informe de revisión pola dirección</li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Información incompleta e non moi accesible dalgunha cuestión.</p> <p>Descrición da avaliación: Cumpre avanzar na implantación completa do SGIC. En concreto, o centro ten aprobado o PAT dende 02/10/2013 pero non consta a elaboración de ningún tipo de informe sobre o seu desenrolo e conclusións do programa completo. No acumulado ata o curso 2014-15, compilase un conxunto de informes elaborados por algúns profesores implicados en materias con especiais dificultades. O Plan de Promoción do curso 2015/16 consta como aprobado (Xuño de 2015), e non consta o seguimento (informe final) establecido no mesmo.</p>

**1.3.1 Valoración do Criterio:**

**3 Sistema de Garantía de Calidade C**

### 1.3.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Actas da Comisión de Calidade	Non están completas as Actas da comisión no curso en proceso de seguimento. En concreto non consta que a Comisión de Calidade se implicara na elaboración ou estudo do Informe de Revisión pola Dirección	
Recomendacións para a mellora	Implantación do SGIC	Cumpre avanzar na implantación do SGIC. Neste sentido recoméndase completar os protocolos iniciados rexistrando as correspondentes evidencias.	

### 1.3.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:



**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:** Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
6.- Plan de Ordenación Docente <i>Fonte: Evidencia 15 do Auto informe de Avalía</i>	<p>Analizar na evidencia Nº15 do auto informe o número e a categoría do profesorado, e se o número de profesores por materia e razoable.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Distribucións de profesorado por materias ou a categoría do profesorado mellorable.</p> <p>Descrición da avaliación: Na evidencia 15 do autoinforme de avaliación incorpórase un listado de profesorado coa súa categoría e departamento ó que pertence pero non a/as materia/s as que está vinculado. Inclúese tamén un extracto do POD, incompleto, correspondentes as materias do primeiro curso. A documentación considérase incompleta para a súa avaliación pero ademais, debería ser pública.</p>
7.- Resultados da EAD <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados as enquisas de avaliación da docencia e no informe de revisión pola dirección</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión.</p> <p>Descrición da avaliación: O centro non ten implantado o procedemento segundo consta no cadro II.1.6 (Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema) do informe de Revisión pola dirección. E no SGIC non figura ningún rexistro nese sentido.</p>

### 1.4.1 Valoración do Criterio:

## 4 Recursos Humanos

**D**

### 1.4.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Nº 15	Cumpre mellorar o profesorado que está vinculado coa titulación e as materias que está a impartir. Deberase notar que esta información tívose que recopiar cando se fixeron cadros como a de número de sexenios por titulación.	
Non Conformidade	SGIC	O procedemento PA06 non parece estar iniciado	

### 1.4.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:** Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
8.- Enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas  <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou con resultados insuficientes s nin en todos os campos.</p> <p>Descrición da avaliación: No informe da dirección do centro non se analizan a opinión do/as estudantes da titulación respecto os recursos materiais e servizos aínda que se menciona os problemas derivados da adscrición dunha nova titulación respecto o centro e que é unha das cuestións peor valoradas por alumnos da titulación Enxeñaría Agraria.</p>

**1.5.1 Valoración do Criterio:**

**5 Recursos Materiais e Servizos C**

**1.5.2 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Satisfacción cos recursos	Non se inclúen nin se fai unha reflexión da opinión das/os estudantes da titulación sobre os recursos materiais e infraestruturas do centro.	

**1.5.3 Alegacións presentadas:**

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:** Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

<b>Evidencias:</b>	
<p>9.- Listaxe de Traballos Fin de Grado/Mestrado</p> <p><i>Fonte: Evidencia 24 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable</p> <p><b>Suxestión de valoración</b>  <u>Recomendacións para a mellora:</u> Non hai unha distribución razoable das cualificacións.</p> <p>Descrición da avaliación:            Na documentación aportada inclúense listados das cualificacións do TFG dos cursos 2014/15 e 2015/16. A información é mellorable pois non se inclúen as cualificacións numéricas. En calquera caso cumpre considerar:            - Agás un caso en cada curso, a cualificación parece xeral e é de sobresaínte.            - Non consta o tribunal ou tribunais avaliadores.            - O período de avaliación é moi longo, p.e. no curso 2014/15 abrangue dende 19 de marzo de 2015 ata 16 de xullo do mesmo ano. No curso 2015/16 é aínda maior (non consta ningunha convocatoria). Aínda que na súa normativa o centro non regula o tempo de realización do TFG, semella que estase a normalizar o nivel de cualificación desta materia en base á tempo dedicado á mesma.            Neste caso cumpre lembrar algunha das recomendacións realizadas polo avaliador externo no proceso de renovación da acreditación.</p>
<p>10.- Indicadores por materia</p> <p><i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar a análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p><b>Suxestión de valoración</b>  <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes.</p> <p>Descrición da avaliación:            A dirección no seu informe fai unha reflexión xeral para todos os alumnos do centro que non parece adecuada para esta titulación. En xeral no curso 2015/16 obsérvase un descenso no rendemento académico en case todas as materias. Este descenso é especialmente importante nas materias identificadas como de especial dificultade e que foran obxecto do PAT. Cabe salientar que nestas materias obtense unha taxa de avaliación inferior ó curso anterior. Nótase que deberían ser estas materias (por ser de primeiro curso) as máis afectadas polo lixeiro incremento na nota media de acceso que se resalta no informe.</p>

**1.6.1 Valoración do Criterio:**

**6 Resultados de Aprendizaxe** **B**

## 1.6.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Listados TFG	Para profundizar na análise, poderían elaborarse históricos de cualificacións numéricas	
Recomendacións para a mellora	Indicadores por materia	Non se fai reflexión sobre a evolución dos indicadores por titulación	

## 1.6.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:** Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

<b>Evidencias:</b>	
<p>11.- Enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados das diferentes enquisas de satisfacción no informe de revisión</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores insuficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: A reflexión faise de forma xeral para todo o centro cando algunhas das preguntas son dependentes da marcha ou características da titulación (isto é facilmente deducido dos diferentes resultados nas tres titulación de grao e tamén no diferente porcentaxe de participación). Así por exemplo o valor obtido na pregunta 16 (Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento) 2.76 é moi inferior ó do centro (3.38) o que indica unha percepción moi diferente dos seus alumnos (en realidade todas as cuestións relacionados cos recursos do centro son peor valoradas nesta titulación). Tamén son inferiores a media do centro as valoración referidas a calidade, en especial a 22 (As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns).</p>
<p>12.- Resultados asociados á política e obxectivos de calidade <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados dos indicadores asociados a política e obxectivos de calidade que integran o SGIC no <u>informe de revisión pola dirección</u>.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou os resultados non acaden as metas e non xorden accións de mellora.</p> <p>Descrición da avaliación: Non hai unha análise de cada titulación e como están a evolucionar os indicadores dos obxectivos marcados. En xeral (no centro) os valores marcados como meta de obxectivos de calidade alcanzados son soamente seis.</p>
<p>13.- Resultados académicos globais <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección.</i></p>	<p>Valorar os resultados globais da titulación no informe de revisión pola dirección</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: A dirección no seu informe fai unha reflexión xeral para todo o centro sen entrar en avaliación dos resultados académicos para cada titulación. Nos se fai comparación dos datos históricos dos que dispón o centro nin por tanto se pasa a valorar a pertinencia de ningunha das accións realizadas. A taxa de graduación ten experimentado unha mellora substancial.</p>

## 1.7.1 Valoración do Criterio:

### 7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento C

## 1.7.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Enquisas de satisfacción	Realizar unha análise e reflexión dos resultados por titulación	
Recomendacións para a mellora	Resultados de obxectivos de calidade	Realizar unha análise e reflexión dos resultados por titulación	
Recomendacións para a mellora	Resultados académicos	Realizar unha análise e reflexión dos resultados por titulación	

## 1.7.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

## 2. Plan de Melloras do Título

### Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B <input checked="" type="checkbox"/> C	<input type="checkbox"/> D

### 2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse as accións desenvolvidas, o seguimento das accións dos cursos anteriores e a coherencia entre estas accións e os resultados do título, así como as accións levadas a cabo para dar resposta ás recomendación para a mellora establecidas nos distintos informes de avaliación externa.

Cuestións	Descrición
1.- Desenvolvemento Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<p>Ver no epígrafe “1. Valoración do cumprimento” o número e a importancia dos puntos febles atopados. Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Exemplo 1...</li> <li>• Exemplo 2...</li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai algúns puntos febles atopados que non teñen accións de mellora asociada.</p> <p>Descrición da avaliación: Na documentación inclúense o cadro de accións de mellora relacionadas coa titulación, no que se identifican os puntos febles detectados. Non se incorporan as fichas de actividades polo que a avaliación é difícil xa que non se describe con suficiente claridade. Este é o caso da mellora nº 4, “Implicación en el SGC de todos los grupos de interés” onde non se aclara cómo se podería implicar á Reitoría e ós departamentos no SGIC.</p>
2.- Seguimento As accións de mellora que xurdiron o curso pasado desenvolvéronse de forma axeitada	<p>Valorar o grao de cumprimento e os resultados acadados das accións de mellora do curso pasado. Valorarase de xeito especial aquelas que xurdiran de procesos de avaliación externa.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Non se evidencia un seguimento dalgunhas accións de mellora que non son de procesos de seguimento externo.</p> <p>Descrición da avaliación: As recomendacións de obrigado cumprimento do informe ACSUG non foron recollidas. Estas terían que estar xa incorporadas no plan de accións de melloras en curso pois o informe de seguimento é de maio de 2016. Os indicadores do grao de cumprimento das accións reflectidas no documento son de difícil avaliación: p.e.: a acción 14, relacionada coa mellora dos resultados de materias con especial dificultade (Matemáticas, Física, Química...etc.) establécese como indicador de cumprimento a existencia do informe da coordinadora.</p>

<p>3.- Coherencia As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?</p>	<p>Analizar se os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora.</p> <p>Analizar se as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora</p> <p>Analizar se os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora</p> <p>Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Exemplo 1...</li> <li>• Exemplo 2...</li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b></p> <p><u>Recomendacións para a mellora:</u> As accións de mellora de xeito puntual non son capaces de solucionar o problema.</p> <hr/> <p>Descrición da avaliación:</p> <p>As accións de mellora propostas non centran os seus esforzos nos puntos febles detectados no informe de seguimento da ACSUG. Non se fai referencia en ningún caso nas accións de mellora de obrigado cumprimento nin nas recomendacións. De feito, o informe de revisión non parece ter en consideración o citado documento. Así por exemplo soamente respecto ó criterio 1 do informe ACSUG se establece como acción de obrigado cumprimento:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- “Fortalecer la identidad de cada uno de los grados .../... con independencia del alto número de materias compartidas en los dos primeros cursos”</li> <li>- “Crear una comisión compuesta por los coordinadores de los grados, de curso y con representación de alumnado y PAS encargada de analizar la organización de la docencia en bimestres”</li> <li>- “Incidir en una mejora de la coordinación horizontal y vertical, que contribuya a que no se produzcan solapamientos de contenidos, y evitar sobrecargas puntuales de trabajo”.</li> <li>- Respecto ó TFG “... (iii) aprobar y aplicar una rúbrica para la evaluación del trabajo fin de grado....”</li> </ul>
--	---

**2.1 Valoración do Criterio:**

<b>Desenvolvemento</b>	<b>C</b>
<b>Seguimento</b>	<b>C</b>
<b>Coherencia</b>	<b>D</b>



## 2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Accións de mellora	Elaborar fichas das accións de mellora que recollan as do informe de seguimento do ACSUG	
Non Conformidade	Accións de mellora	Elaborar accións de mellora que recollan as recomendacións (polo menos as de obrigado cumprimento) do informe ACSUG	

## 2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: